

# Unidade didáctica do **Zardigot**

**María do Carmo Gasamáns  
Iolanda Sánchez Méndez**



## ÍNDICE

|   |    |
|---|----|
| <u>Prólogo. Xustificación desta unidade e deste blogue.</u>   | 2  |
| <u>Introdución.</u>   | 4  |
| ACTIVIDADE 1: <u>Imos ao teatro, non ao cinema.</u>   | 6  |
| FICHA 1. <u>Imos ao teatro, non ao cinema.</u>  | 7  |
| ACTIVIDADE 2. <u>Imos ver o Zardigot de Euloxio Ruibal.</u>   | 9  |
| FICHA 2. <u>Imos ver o Zardigot de Euloxio Ruibal.</u>  | 11 |
| FICHA 2 Grupo 1.: <u>Currículo do autor e obra.</u>   | 12 |
| FICHA 2. Grupo 2. <u>Ditadura, represión franquista, censura.</u>                                     | 14 |
| FICHA 2. Grupo 3. <u>Esperanzas de democracia:<br/>    organizacións políticas clandestinas.</u>      | 15 |
| FICHA 2. Grupo 4. <u>A nosa lingua no ensino, na cultura,<br/>    nas publicacións, editoriais...</u> | 16 |
| FICHA 2. <u>Información adicional para o grupo 5.</u>   | 17 |
| FICHA 2. Grupo 5. <u>O teatro: Como xurdiron as<br/>    Mostras de Ribadavia.</u>                     | 18 |
| FICHA 2. Grupo 6. <u>A profesionalización do teatro.<br/>    O Teatro Circo e outras compañías.</u>   | 19 |
| ACTIVIDADE 3. <u>Ti dirixes Zardigot.</u>   | 20 |
| FICHA 3. <u>Ti dirixes Zardigot.</u>  | 21 |
| ACTIVIDADE 4. <u>A persoa do personaxe.</u>   | 23 |
| FICHA 4. <u>A persoa do personaxe.</u>  | 24 |
| ACTIVIDADE 5. <u>Eu quero ser...</u>  | 26 |
| FICHA 5. <u>Eu quero ser...</u>   | 27 |
| ACTIVIDADE 6. <u>O Zardigot de Espello Cóncavo</u>  | 28 |
| FICHA 6. <u>O Zardigot de Espello Cóncavo</u>   | 29 |
| ACTIVIDADE 7. <u>Xa fomos ao teatro</u>   | 31 |
| FICHA 7. <u>Xa fomos ao teatro</u>  | 32 |
| ACTIVIDADE 8. <u>Creamos a nosa propia compañía</u>   | 34 |
| FICHA 8. <u>Creamos a nosa propia compañía</u>  | 35 |
| ACTIVIDADE 9. <u>125 anos de Teatro Galego.</u>   | 36 |
| FICHA 9. <u>125 anos de Teatro Galego.</u>  | 37 |
| ACTIVIDADE 10. <u>Zardigot: alegato contra todas as guerras.</u>                                      | 38 |

---

## PRÓLOGO

### XUSTIFICACIÓN DESTA UNIDADE E DESTE BLOGUE


**P**or que unha unidade didáctica sobre unha representación teatral?  
E por que un blogue e non só un caderniño?  
E por que sobre o *Zardigot*?

Somos profesores coma vós e partimos da idea de que ao noso alumnado lle gusta ir ao teatro. E a nosa experiencia dinos que si, que lles gusta, aínda que tamén sabemos o que supón artellar unha saída ao teatro cos rapaces.

A idea da unidade partiu da propia compañía Espello Cóncavo que xa tiña a experiencia de traballar en colaboración coa AS.PG na peza *Castelao, sempre*, para a que tamén se fixera unha proposta didáctica. Nesta ocasión, como profesores encargados de levar a cabo a unidade didáctica para o *Zardigot*, creamos un blogue específico para esta representación como ferramenta de traballo.

Decidímonos polo blogue porque sen dúbida, hoxe en día, o alumnado séntese máis motivado ante a pantalla dun ordenador, ante a posibilidade de ser el mesmo quen busque a información sobre os temas; porque comprobamos que aumenta a súa participación e que mostra maior interese na asimilación dos contidos.

A grande diferenza do blogue a respecto das páxinas *web* consiste na comunicación bidireccional e inmediata. O alumnado tamén forma parte del, enriquece coa súa opinión e a súa crítica. A compañía Espello Cóncavo ten grande interese en manter este diálogo cos espectadores, pero ante todo, e especialmente, cos nosos alumnos e alumnas coa idea de colaborar na formación de público para o teatro, e porque sabe que eles son un público esixente, crítico e agradecido.



Desde o blogue comprometémonos a que **todos os comentarios chegarán aos seus destinatarios e serán respostados e publicados.**

A compañía ofrece, sempre e cando for viable, a **posibilidade de que o alumnado poida asistir aos ensaios** e incluso, **algún integrante podería desprazarse ao centro de ensino** para charlar cos alumnos sobre esta obra e o mundo da dramaturxia. E aínda máis, **ao final da representación, levarase a cabo un pequeno diálogo entre os espectadores e a compañía** se así o considerades oportuno. Evidentemente todas estas vivencias farán que o *Zardigot* permaneza non só na memoria do noso teatro, senón na dos nosos alumnos.

**Levar os rapaces nesta ocasión ao teatro vai ser unha ocasión única**, xa que é a primeira vez que unha compañía profesional representa esta obra clave da historia do teatro. O *Zardigot* inaugurou o comezo do teatro contemporáneo galego.

Todos coñecemos a preocupación do autor, Euloxio Ruibal, polo teatro infantil e xuvenil no que ten colaborado con numerosísimas pezas, ademais de terse manifestado en varias entrevistas e artigos xornalísticos sobre a importancia da presenza do teatro na escola. Coincidimos con el na relevancia social de crear público de teatro. Contamos coa súa inestimable contribución ao noso blogue. Ten especial interese no público desta idade, e está moi interesado en saber cal é a resposta do alumnado cando asiste á representación do *Zardigot*.

Por suposto, contamos coas vosas suxestións para enriquecer e mellorar este proxecto, conseguindo así que sexa o proxecto de todos e de todas, e deste xeito, involucrármonos xuntos no teatro. Grazas.



## INTRODUCCIÓN

**S**ería ideal que o achegamento ás obras dramáticas principais da historia da literatura se fixese asistindo como espectadores á súa representación, porque sabemos ben que o teatro é ese algo máis que texto que tratamos de explicarlle ao noso alumnado: a emoción que esperta no público a representación dunha peza.

En Secundaria e Bacharelato gustaríanos que as poucas pezas de teatro que podemos traballar fosen significativas, que permanecesen no seu recordo. Tratamos de facer lecturas dramatizadas, animámoslos a que preparen algún acto... e nesta ocasión, temos a posibilidade de asistir á representación dunha obra clave na historia do noso teatro, e a partir dela achegarlles os contidos que figuran na programación aos alumnos e alumnas.

Podemos propoñernos uns **OBXECTIVOS** moi ambiciosos, sempre hai que selo:

1. Educar o alumnado como espectador do teatro.
2. Espertar o seu interese por acudir a representacións no tempo de lecer.
3. Valorar o traballo do director, dos actores e actrices, de todos os profesionais que interveñen na conformación dunha peza teatral.

4. Espertar a súa curiosidade polo traballo que fai posible a representación.
5. Valorar a tradición teatral galega.
6. Valorar a importancia de *Zardigot* no teatro galego.
7. Recoñecer os principais recursos dramáticos que se empregan en *Zardigot*.
8. Tirar unha opinión persoal argumentada sobre a representación.
9. Reflexionar sobre a inxustiza e o sufrimento da guerra e a violencia

A **PROPOSTA METODOLÓXICA** que ides atopar a continuación recolle actividades previas á asistencia á representación. Algunhas delas teñen que ver co propio feito de irmos ao teatro, e outras tratan sobre coñecementos para que o alumnado siga a representación sen dificultades. Outras actividades realizaranse con posterioridade á asistencia da obra.

Esta unidade didáctica preséntase en formato PDF. Trata de ser un proxecto didáctico que se poida adaptar ao tipo do alumnado, ás vosas preferencias e aos vosos intereses. O material que consideramos que deben empregar os mozos e mozas vai en fichas que se poden baixar para fotocopiar, tamén tedes a posibilidade de modificalas antes de imprimilas atendendo ás características do voso alumnado.

O esquema que seguimos nas propostas que veñen a continuación é o seguinte:

**ACTIVIDADE:** facemos unha pequena explicación introdutoria sobre a actividade para o profesorado.

**FICHA:** a continuación poñemos as fichas para o alumnado, que están pensadas para ser imprimidas e fotocopiadas para repartírllelas directamente.

As actividades non teñen por que seguir a secuencia que nós propoñemos, e todas elas teñen en común tirar proveito do blogue, das imaxes que contén sobre a representación, das entrevistas... coa finalidade de que resulte máis atractivo para os mozos e mozas.

O abano é amplo, ben sabemos que non se poden realizar todas, son propostas.

Por suposto, agradecemosvos calquera suxestión. Mandádenolas nun correo

**Comeza a función.**

## ACTIVIDADE 1: **IMOS AO TEATRO, NON AO CINEMA.**


**D**esde infantil, o teatro é unha experiencia educativa que está presente na aula e nas actividades complementarias: a lectura dramatizada, as escenas breves que preparan sobre contos, as obras para os festivais. Temos alumnado que asistiu a representacións en que os actores e actrices eran compañeiros e compañeiras; alumnos e alumnas que actuaron en obras, que foron ao teatro e compartiron a experiencia de ser público cos amigos e amigas do colexio; que participaron nalgún pequeno papel, ou non tan pequeno, nalgunha obra escolar; que teñen a experiencia de ter asistido a espectáculos en vivo como os contacontos.

Queremos achegar o noso grao de area para ter público de teatro. O primeiro é levalos ao teatro. Pretendemos que teñan a actitude correcta e que respecten o traballo dos actores e das actrices.

Retomamos a idea: **ao noso alumnado gústalle ir ao teatro**, pero, que experiencia ten como espectador?, sabe “estar no teatro”? Sen dúbida, á hora de levármolos a ver unha representación esta é unha das nosas preocupacións. O enfoque que vos propoñemos é facer unha reflexión inicial de grupo na aula como actividade previa á representación. As CONCLUSIÓNs que tiremos desta actividade servirán para informarnos:

- da experiencia do grupo como espectador (ou actor, se os houber),
- das expectativas sobre esta obra,
- da idea que teñen do mundo do teatro,
- do compromiso que van ter como público, mantendo unha actitude correcta.

Despois de informalos de que imos asistir á representación do *Zardigot* repartimos unha ficha (FICHA 1) para que a cubran de xeito individual. Logo farase unha posta en común; se se quere nun primeiro momento en grupos reducidos, e posteriormente nunha reflexión de grupo.



Cartel da obra

FICHA 1:  
**IMOS AO TEATRO, NON AO CINEMA.**

Imos asistir á representación de *Zardigot* e antes de nada queremos que comentedes entre todos e todas que ten de especial e diferente ir ao teatro, se vos gusta ir; tamén se alguén actúa ou actuou nalgunha obra; en que ocasións fostes ao teatro co instituto, que opinas sobre esta arte, que expectativas tes sobre esta obra...

Cubre de xeito individual esta ficha. Logo faremos unha posta en común. Con testa ás preguntas por escrito

1. Vas ao teatro? \_\_\_\_\_

Por que? \_\_\_\_\_

Con quen? \_\_\_\_\_

2. Formas parte dalgún grupo teatral? \_\_\_\_\_

3. Actuaches nalgunha obra escolar? \_\_\_\_\_

Cal ou cales? \_\_\_\_\_

4. Como che parece que é o día a día dos actores e actrices? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que opinas do seu traballo? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que che parece máis difícil: ser actor ou actriz de cine, de televisión ou de teatro?

\_\_\_\_\_

Cres que se nace con vocación de actor? \_\_\_\_\_

5. Pensaches algunha vez en ser actor ou actriz? \_\_\_\_\_

6. Que esperas atopar cando vas ao teatro? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_





7. As veces que fuches, con que impresións saíches da sala? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

8. Que diferenzas ves ti entre asistir ao teatro e asistir ao cinema?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

9. A obra que vas ver titúlase *Zardigot*, de que cres que vai?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

10. O autor chámase Euloxio Ruibal, coñécelo? \_\_\_\_\_

11. *Zardigot* data de 1973. Que sabes desa época? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Cal era a situación política en España? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

E cal era a situación da lingua galega? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

12. A compañía que representa esta obra chámase Espello Cóncavo. Coñécela?

\_\_\_\_\_

Coñeces algunha compañía de teatro galega? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

## ACTIVIDADE 2: **IMOS VER O ZARDIGOT DE EULOXIO RUIBAL**

**S** en dúbida, o *Zardigot* é unha obra de referencia na historia do noso teatro. Era o ano 1973 cando Euloxio Ruibal presentou o texto de *Zardigot* no I Concurso de Textos Teatrais creado pola Agrupación Cultural Abrente de Ribadavia. Esta asociación organizaba nese ano a 1ª edición das Mostras de Ribadavia e pretendía tamén dar a coñecer os novos autores dun novo teatro creando tamén o premio para textos teatrais que mencionamos antes.

*Zardigot* ten a honra, xunto con *O meu reino non é deste mundo* de Manuel María de gañar *ex aequo* o primeiro premio do I Concurso. O xurado valorou que dada a situación do teatro era mellor recuperar dous nomes, de aí que concederon o premio *ex aequo*. Na acta do premio o xurado tamén “fai constar a súa complacencia pola calidade da maioría das pezas presentadas o que se entende como un síntoma positivo das posibilidades do teatro e dos autores na nosa lingua”.

Coa actividade que vén a continuación pretendemos que o noso alumnado valore a figura de Euloxio Ruibal como un dos comprometidos iniciadores do teatro actual, e que coñeza a situación socio-política e lingüística da época para contextualizaren correctamente o texto de *Zardigot*.

Tamén é unha maneira de que adquiran os contidos presentes na programación de 4º ESO e 2º BACH. sobre historia do teatro galego.

Esta segunda actividade realizarémola na aula de informática. Xa vos damos a posibilidade de entrar no blogue directamente clicando en <http://zardigot.blogspot.com>. Todos os enderezos electrónicos que aparecen nas explicacións das actividades dan esa posibilidade. Ao alumnado dámoslle o enderezo en cada ficha.



Euloxio Ruibal



Portada do libro

Unha vez na aula de informática, os rapaces accederán á páxina do blogue e lerán as indicacións para moverse por el (na barra lateral á dereita en “Axuda”).

A continuación farán unha pescuda polo blogue buscando a información sobre os apartados que antes mencionamos, o autor e o contexto socio-político e literario.

Dividimos a clase en seis grupos de “especialistas” que farán unha pescuda de información sobre os seguintes aspectos:

1. Currículo do autor.
2. Ditadura, represión franquista, censura.
3. Esperanzas de democracia: organizacións políticas clandestinas.
4. A nosa lingua no ensino, na cultura, nas publicacións, editoriais...
5. O teatro: Como xurdiron as Mostras de Ribadavia.  
Para estes grupo de traballo, achegamos, a maiores, unha ficha de información adicional sobre as Mostras de Ribadavia.
6. A profesionalización do teatro. O Teatro Circo e outras compañías.

Hai varias posibilidades: dividilos en grupos asignando un traballo a cada un, ou que todos os grupos fagan a investigación sobre un mesmo tema, ou escoller algúns dos temas que vos propoñemos.

Para cada apartado seleccionamos entradas do noso blogue, ou páxinas web das que poden extraer a información máis importante.

Despois de tomar nota da información teñen que facer unha pequena presentación oral do traballo ao resto da clase.

O obxectivo é que ao final saiban argumentar cal é a importancia deste autor e que significaba escribir en galego cando el o fixo. Tamén que inclúan unha pequena reflexión da situación da lingua durante este período (usábase na escola?, publicábanse moitos libros en galego?, había moitas editoriais que publicasen libros en galego?, estaba ben considerado usar a nosa lingua para comunicarse con outras persoas?)...

Tamén que saiban como se iniciaron as Mostras de Ribadavia e cal foi a evolución do teatro na década dos 70

FICHA 2:  
**IMOS VER O ZARDIGOT DE EULOXIO RUIBAL**

*Zardigot* é unha obra de referencia na historia do noso teatro.

Queremos que saibas cales eran os aspectos mis sobresaíntes da situación socio-política e literaria a comezos na década dos 70.

Para iso, o primeiro é que entres na páxina do blogue: <http://zardigot.blogspot.com>, e leas as indicacións para moverte por el (na barra lateral á dereita en “Axuda”).

A continuación propoñémosvos unha “viaxe” pola rede para que pescudedes información sobre os seguintes aspectos:

1. Currículo do autor e obra.
2. Ditadura, represión franquista, censura.
3. Esperanzas de democracia: organizacións políticas clandestinas.
4. A nosa lingua no ensino, na cultura, nas publicacións, editoriais...
5. O teatro: Como xurdiron as mostras de Ribadavia.
6. A profesionalización do teatro. O Teatro Circo e outras compañías.

**1.** Organizade a clase en seis grupos de “especialistas”. Cada grupo terá que resumir a información máis importante que apareza nos enderezos que vos indicamos.

**2.** Tomade nota dos datos que vos parezan máis salientables das páxinas que vos propoñemos.

**3.** Faredes unha pequena exposición ao resto da clase sobre a información que atopastes.

**4.** Terminade escribindo un texto de xeito individual. Nel teñen que figurar os seguintes aspectos:

- A importancia deste autor e que significaba escribir en galego cando el o fixo
- Unha pequena reflexión da situación da nosa lingua durante ese período (usábase na escola?, publicábanse moitos libros en galego?, había moitas editoriais que publicasen en galego?, estaba ben considerado usar o galego para comunicarse con outras persoas?).
- Un breve resumo da situación do teatro.

FICHA 2 Grupo 1.:  
**CURRÍCULO DO AUTOR E OBRA**

Imprime esta folla e a seguinte para tomar nota nelas.  
Premede na etiqueta "autor", e cumprimentade os datos do currículo de Euloxio.

**CURRÍCULO DO AUTOR**

DATOS BIOGRÁFICOS:

Nome completo: \_\_\_\_\_

Ano e data de nacemento: \_\_\_\_\_

Lugar actual de residencia: \_\_\_\_\_

DATOS LABORAIS:

Escritor:

• Teatro: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

• Narración: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

• Ensaio: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

• Guións de cine: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Foi presidente da: \_\_\_\_\_

Dirixiu a galería: \_\_\_\_\_

OCUPACIÓN ACTUAL:

Membro da: \_\_\_\_\_

Profesor da: \_\_\_\_\_

Colaborador de revistas: \_\_\_\_\_

Co-director de: \_\_\_\_\_

1. Atopa na etiqueta "autor" as respostas ás seguintes cuestións referidas a Euloxio Ruibal.

**A.** En que se inspirou para escribir esta obra?

---

---

**B.** Zardigot sufriu algún tipo de censura?

---

---

**C.** Por que cres que lle dedica *Zardigot* a Eduardo Blanco Amor?

---

---

**D.** 1973, que guerra era famosa nesa época?

---

2. Localiza na barra lateral no artigo "O *Zardigot* na arañeira" as respostas ás seguintes cuestións referidas a Euloxio Ruibal

**A.** Que opinan del como autor dramático desde Cataluña e Bilbao?

---

**B.** Como se titula o seu discurso de entrada na RAG?

---

**C.** Desde que posto quixo achegar a figura do escritor á sociedade?

---

**D.** Que relación hai entre Ruibal e a Agrupación Cultural "O Galo"?

---

**E.** Que relación ten o autor do *Zardigot* co cine galego?

---

FICHA 2 Grupo 2.:  
**DITADURA, REPRESIÓN FRANQUISTA, CENSURA**

Seguide os pasos que veñen a continuación:

1. Creade un documento nun procesador de textos (Open Office, por exemplo). Nel escribiredes os datos que vos parezan máis salientables das páxinas que vos propoñemos.
2. Achegade imaxes que ilustren o contido do traballo.
3. Para rematar ides facer unha presentación oral do traballo ao resto da clase.
  - [O franquismo na Wikipedia](#)
  - [O franquismo en Galiza na Wikipedia](#)
  - [Situación da muller na Guerra Civil e no franquismo](#) (en pdf)

FICHA 2 Grupo 3.:  
**ESPERANZAS DE DEMOCRACIA:  
ORGANIZACIÓNS POLÍTICAS CLANDESTINAS**

Seguíde os pasos que veñen a continuación:

1. Crede un documento nun procesador de textos (Open Office, por exemplo). Nel escribiredes os datos que vos parezan máis salientables das páxinas que vos propoñemos.
2. Achegade imaxes que ilustren o contido do traballo.
3. Para rematar ides facer unha presentación oral do traballo ao resto da clase.

- [UPG na Galipedia](#)
- [PSG na Galipedia](#)
- [Manuel Beiras na Galipedia](#)
- [Moncho Valcarce en comarcasdeg Galicia.com](#)
- [O Cura das Encrobas en La Voz](#)
- [Sindicato Labrego Galego na Galipedia](#)
- [Os 70, cambio de rumbo, en Galicia Hoxe](#)
- [A revista Teima en Vieiros](#)



FICHA 2 Grupo 4.:  
**A NOSA LINGUA NO ENSINO,  
NA CULTURA, NAS PUBLICACIÓNS, EDITORIAIS...**

Seguide os pasos que veñen a continuación:

1. Crede un documento nun procesador de textos (Open Office, por exemplo). Nel escribiredes os datos que vos parezan máis salientables das páxinas que vos propoñemos.
2. Achegade imaxes que ilustren o contido do traballo.
3. Para rematar ides facer unha presentación oral do traballo ao resto da clase.

- [Historia da lingua en galego.org](http://Historia da lingua en galego.org)
- [O galego nos anos 70 en diasdasletrasgalegas.com](http://O galego nos anos 70 en diasdasletrasgalegas.com)
- [A orixe do Día das Letras en diasdasletragalegas.com](http://A orixe do Día das Letras en diasdasletragalegas.com)
- [Lingua galega na Galipedia](http://Lingua galega na Galipedia)
- [A ditadura e a resistencia: longa noite de pedra](http://A ditadura e a resistencia: longa noite de pedra)

## FICHA 2

**INFORMACIÓN ADICIONAL PARA O GRUPO 5**

**S** en dúbida, o *Zardigot* é unha obra de referencia na historia do noso teatro. Era o ano 1973 cando Euloxio Ruibal presentou o texto de *Zardigot* no I Concurso de Textos Teatrais creado pola Agrupación Cultural Abrente de Ribadavia. Esta asociación organizaba a 1ª edición das Mostras de Ribadavia e pretendía dar a coñecer os novos autores dun novo teatro creando tamén un premio para textos teatrais. O requisito, ademais de que as pezas fosen inéditas, era que estivesen escritas en galego. *Zardigot* ten a honra, xunto con *O meu reino non é deste mundo* de Manuel María de gañar *ex aequo* o primeiro premio do I Concurso. O xurado valorou que dada a situación de Galicia con respecto ao teatro era mellor recuperar dous nomes, de aí que concederon o premio *ex aequo*. Na acta do premio o xurado tamén “fai constar a súa complacencia pola calidade da maioría das pezas presentadas o que se entende como un síntoma positivo das posibilidades do teatro e dos autores na nosa lingua”. Os especialistas e as especialistas opinan que a Mostra de Teatro e o Concurso de Textos Teatrais que a Agrupación Cultural Abrente de Ribadavia convocou entre 1973 e 1980 foron determinantes para que se restaurase o teatro galego e se consolidase.

En Galiza como no resto de España, a actividade cultural de comezos dos 70 desenvólvese coa expectativa de que o franquismo estaba rematando. O contexto histórico da fin da ditadura, o convencemento de que ía rematar, os antecedentes do maio do 68 francés e a Revolución dos Cravos serviron para que aumentase o número de asociacións e que tomasen un carácter democrático e galeguista en moitos casos, e se afanasen na recuperación cultural. Nos estatutos fundacionais da Agrupación Cultural Abrente que foi creada en 1969, explíciase que un dos cometidos fundamentais é a atención ao teatro. Abrente decatouse de que na recuperación galeguista que realizaban moitas asociacións, en xeral o teatro estaba a ser desatendido, salvo o caso da Asociación Cultural O Facho da Coruña. Por ese motivo propuxéronse rematar co déficit de produción de novos textos, co descoñecemento do pasado máis inmediato e coa falta de interconexión entre os grupos de teatro afeccionado que habitualmente estaban vencellados a asociacións.

Para iso crearon o Concurso de Textos Teatrais e comprometéronse nas bases do concurso a que as obras que se presentaban serían publicadas ou difundidas entre os grupos de teatro interesados para que as tivesen en conta cando elixían posibles montaxes; desta maneira habería modelos que revisar, renovar ou seguir.

Na Agrupación Cultural Abrente eran conscientes de que estaban creando un repertorio que podía servir de referencia aos grupos. E así foi; co paso dos anos atopamos postas en escena de textos xurdidos no Concurso. Poñían a disposición dos grupos todos os textos enviados, non só os premiados. Os grupos escribíalle á Agrupación Cultural Abrente pedindo obras.

FICHA 2 Grupo 5.:  
**O TEATRO:**  
**COMO XURDIRON AS MOSTRAS DE RIBADAVIA**

Seguide os pasos que veñen a continuación:

1. Creade un documento nun procesador de textos (Open Office, por exemplo). Nel escribiredes os datos que vos parezan máis salientables das páxinas que vos propoñemos.
2. Achegade imaxes que ilustren o contido do traballo.
3. Para rematar ides facer unha presentación oral do traballo ao resto da clase.

- [Onde naceu o teatro galego en culturagalega.org](http://culturagalega.org)
- [Mostras de Ribadavia na Galipedia](#)
- [A Nova Dramaturxia Galega na Galipedia](#)
- [O Teatro Independente na Galipedia](#)

FICHA 2 Grupo 6.:  
**A PROFESIONALIZACIÓN DO TEATRO.  
O TEATRO CIRCO E OUTRAS COMPAÑÍAS**

Seguide os pasos que veñen a continuación:

- 1.** Create un documento nun procesador de textos (Open Office, por exemplo). Nel escribiredes os datos que vos parezan máis salientables das páxinas que vos propoñemos.
- 2.** Achegade imaxes que ilustren o contido do traballo.
- 3.** Para rematar ides facer unha presentación oral do traballo ao resto da clase.
  - [Onde naceu o teatro galego](http://culturagalega.org). (En culturagalega.org).
  - [O Facho: cultura e resistencia en culturagalega.org](http://culturagalega.org)
  - [Ditea na Galipedia](http://galipedia.gal)
  - [Ditea en anosaterra.com](http://anosaterra.com)

### ACTIVIDADE 3: **TI DIRIXES ZARDIGOT**

O paso seguinte será ofrecerlles a audición dun fragmento da gravación dun ensaio do *Zardigot* que realizou a Radio Galega para o programa “Diario Cultural” dirixido por Ana Romaní. Esta gravación atópase no mes de agosto, baixo a epígrafe: “[Escena VII](#)”. Hai que clicar en “escoita a escena”. Debaixo da foto vén o texto transcrito.

A foto aparece en branco para que non a poidan ver até que teñan pensada a súa proposta. Pasámoslles a FICHA 3 antes da escoita, para que a lean previamente e así localicen máis rápido a información que buscamos.

Con esta actividade pretendemos poñelos no pelexo dos directores e directoras de teatro e que saiban do labor dos técnicos que axudan a converter en espectáculo o texto: partindo dunha audición dun fragmento terán que elaborar unha proposta de escenificación.

Serán conscientes de todos os elementos que se teñen en conta para transmitir a obra ao espectador.



Escea VII

FICHA 3:  
**TI DIRIXES ZARDIGOT**

Queremos que escoites un fragmento do comezo do *Zardigot*. Búscalo na barra lateral. No mes de agosto atoparás a “Escena VII”. Clica en “escoita a escena” Debaixo vén o texto transcrito. Trátase dunha conversa entre os integrantes da familia protagonista. Os personaxes que aparecen son: Estrela, a nai; Xaquín, o pai; Sabela, a filla; e Mingos, o fillo.

Queremos que te poñas no papel do director e que imaxines como representarías ti esta escena. Ofrecémosche unha serie de preguntas; contestándoas, probablemente fagas unha descrición global de todos os elementos que interveñen. Ben as podes contestar, ou ben dar unha explicación máis persoal. Emprega o recadro en branco para escribir tanto se escolles a opción de contestar como se escolles a de redixir.

- a. Como imaxinas o escenario?
- b. Como vestirías os actores e as actrices? De que época che parece que son?
- c. Como os maquillarías?
- d. Que indicacións lles darías aos actores e actrices?
- e. Que tipo de música che parece a máis adecuada?
- f. Que iluminación suxires?

1. Imaxina que es o director ou directora. Explica como representarías a escena.

**2.** Ao rematares a túa proposta como director ou directora, clica no espazo reservado para a fotografía, e verás a escena VII segundo a visión de Arturo López, o director de Espello Cóncavo. O teu escenario parécese en algo ao de Arturo?

---

Que elementos chaman a túa atención?

---

---

---

**3.** Le a transcripción da “Escena VII”. Cres que a información que ofrecen os acoutamentos son suficientes? Crea ti as didascalias que creas convenientes para o texto escrito.

---

---

---

---

**4.** Clica na barra lateral no mes de maio e busca a entrada de “vestiario”. Aparece a roupa de dous dos personaxes que acabas de ouvir. De quen?

---

**5.** Os uniformes militares son dun dos bandos. Fixándote neles, que nome lle poñerías a ese bando que é inimigo ao bando dos liberais?

---

---

**6.** Logo localiza na pestana de enriba o equipo técnico da obra. Despois de ler en que consiste o traballo de cada un decide que traballo che gustaría realizar a ti e explica por que.

---

---

---

## ACTIVIDADE 4: A PERSOA DO PERSONAXE

**O** noso obxectivo é conciencialos de que os personaxes que están sobre as táboas son persoas coma eles que son quen de transformarse en alguén completamente diferente. Para isto deberán clicar arriba na pestana [elenco](#).

No artigo veñen as fotos e os nomes de cada actor e actriz. Se clican nas imaxes, irán ao artigo correspondente do blogue onde buscarán a información que se lles pide a través das preguntas da FICHA 3. Olo! Se clican no nome aparece a biografía, se clican na foto aparecen os datos do personaxe que representan no *Zardigot*

Poden traballar con este formato todo o elenco da peza.



Osvaldo Digón, Xabier Pan e Gari



FICHA 4:  
**A PERSOA DO PERSONAXE**

Queremos que coñezas os actores e actrices que van actuar. Para isto deberás clicar enriba na pestana “elenco”. No artigo verás as fotos e os nomes de cada actor e actriz.

Le atentamente as preguntas da ficha. A información que precisas para responder atoparala clicando nos nomes que aparecen a pé de foto.

Contesta as seguintes preguntas.

1. A quen recoñeces? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2. Onde os viches (TV, teatro, centros culturais, pubs...)? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

3. Selecciona unha actriz ou un actor e anota que é o que máis che interesou da súa biografía.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

4. Quen traballou con Roberto Vidal Bolaño? Investiga quen era Vidal Bolaño.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

5. Lucía e Mejuto, que teñen en común?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_



**6.** Que carreira estudou Lucía?

---

**7.** Quen actuou no Centro Dramático Galego? \_\_\_\_\_

Que é o CDG? \_\_\_\_\_

**8.** Que actores viven na Coruña?

---

---

**9.** Quen dos actores pertenceu ao Facho?

---

Que é o Facho? \_\_\_\_\_

---

**10.** Entre os actores hai dous coñecidos como monologuistas. Cales son?

---

**11.** Que actor participou nas mostras de Ribadavia?

---

**12.** Hai un actor que comezou no teatro para superar a timidez. Quen é? Que opinas da súa decisión?

---

---

**13.** Unha fácil: quen comezou de maior no mundo da escena?

---

**14.** Quen comezou traballando na TVG?

---

É piscis, por que cres que dá ese dato?

---

## ACTIVIDADE 5: **EU QUERO SER...**

**C**on esta actividade queremos que coñezan quen son os personaxes que interveñen na obra. Seguimos na mesma páxina do blogue da actividade anterior.

Nesta ocasión colocando o cursor enriba da foto aparece unha lapeliña co nome do personaxe que representa cada actor e cada actriz. Tomarán nota do personaxe que representa cada actor e cada actriz.

Clicando sobre a foto accederán á información de cada un deses personaxes e elixirán un deles, aquel que lles gustaría interpretar. Logo de lerán as súas escollas.



Estrela, Sabela e malvado sarxento

FICHA 5:  
**EU QUERO SER...**

Con esta actividade terás unha pequena información sobre os personaxes que interveñen na obra.

Seguimos na mesma páxina do blogue da actividade anterior. Nesta ocasión, colocando o cursor enriba da foto, aparece unha lapeliña co nome do personaxe que representa cada actor e cada actriz. Clica sobre a foto e accederás á información de cada un deses personaxes, tamén verás máis fotografías tiradas da representación nas que eles aparecen. Explica quen é:

• Estrela: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

• Xaquín: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

• Sabela: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

• Mingos: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

• Fuco: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

• Home: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

• Soldados: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

• Capitán: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

• Sarxento: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Agora só tes que imaxinar cal deles queres ser ... e explicar por que

## ACTIVIDADE 6: O ZARDIGOT DE ESPELLO CÓNCAVO

**N**o blogue, na entrada de xullo: "[Falando con Arturo López sobre o Zardigot](#)" verán un fragmento dunha entrevista co director da obra. A nosa suxestión é que se proxecte esta entrevista nunha pantalla para facer unha actividade con todo o grupo.

A continuación cumprimentarán un cuestionario no que xa se lles ofrecen varias respostas. Haberá preguntas onde todas as opcións sexan válidas; haberáas que só teñan unha ou dúas correctas. Só terán que marcar a/s acertada/s.

Desta maneira van ter información sobre cuestións técnicas da obra (escenografía, vestuario, distribución dos espazos...), e asemade, ímolos introducindo na temática.

Até o de agora tiñan información sobre personaxes, e foron deducindo o ambiente bélico en que se desenvolvía a obra.



Fuco, Gari e Xaquín

FICHA 6:  
**O ZARDIGOT DE ESPELLO CÓNCAVO**

Imos escoitar un fragmento da entrevista co director da obra. Aparece en “Falando con Arturo López sobre o *Zardigot*” no mes de xullo.

Cumprimentade o seguinte cuestionario. Nel ofrécesevos varias respostas. Marca a/s acertada/s.

1. A que feito histórico fai referencia Arturo?
  - Segunda Guerra Mundial.
  - Guerra Civil Española.
  - As Guerras Irmandiñas.
  
2. Que aparece da guerra?
  - A fronte.
  - A retagarda.
  
3. De que vai tratar *Zardigot* ?
  - Das guerras civís.
  - Das guerras púnicas.
  - Das guerras das colonias.
  
4. A escenografía lembra?
  - Unha traxedia grega.
  - Unha comedia de costumes.
  - Un musical.
  
5. Que “toque” elixiron para o *Zardigot* ?
  - Costumista.
  - Heleno.
  - Grego.
  
6. Que outros elementos teatrais contén, ademais da traxedia?
  - Épicos.
  - Surrealistas.
  - Modernistas.

7. Cal é o vestiario elixido para Estrela?

- Actual.
- De heroína grega.
- Hippy.

8. E cal é o vestiario para os soldados?

- Actual.
- Da Guerra Civil Española.
- De romanos.

9. Por que na obra (1973) non se podía falar abertamente da Guerra Civil Española?

- Porque se publicou durante a ditadura franquista.
- Porque había censura.
- Porque o autor tería serios problemas.

10. Cal é o nome do autor?

- Euloxio Ruibal.
- Euloxio R. Ruibal.
- Euloxio Rodríguez Ruibal.

11. O autor e o director coinciden no enfoque do tratamento do texto. Prefíreno...

- Realista.
- Ambientado na Guerra Civil Española.
- Universal / atemporal.

12. No escenario, aparecen separados os espazos escénicos segundo...

- A intimidade da escena.
- O sitio en que esta se desenvolve.
- O número de actores.

13. Despois de ver as imaxes que aparecen durante a entrevista, trata de explicar por que o escenario lembra a escenografía do teatro grego.

---

---

---

## ACTIVIDADE 7: **XA FOMOS AO TEATRO**

**N**a clase seguinte á representación comentaremos que foi o que máis nos chamou a atención, o que nos gustou máis, que lembramos, que nos impresionou, sorprendeu...

Desenvolverémola na aula de informática para que poidan ver a galería de fotos e así lembrar os momentos que máis nos interesan, sempre centrándonos nas escenas que a nós como docentes nos son útiles nalgún aspecto concreto.

Para esta clase traerán completada da casa a ficha que vén a continuación. Nela tamén lles pedimos que escriban un comentario persoal sobre a representación dirixido a un actor, a unha actriz, á maquilladora, ao autor, ao director.... Trataremos que fagan comentarios para a maioría dos que interveñen e tamén para o director e o autor. Nesa ficha dámoslles a posibilidade de que fagan algunha pregunta dirixida a quen queiran. Procuraremos que a maior parte da clase poida falar da representación.

Para rematar, podemos propoñer que escriban un artigo para publicar na revista de Normalización e no blogue escolar se o houber, ou incluso neste blogue.





FICHA 7:  
**XA FOMOS AO TEATRO**

Completa esta ficha, canto antes mellor, para que non se che esquezan a vivencia da representación. Na próxima clase tráena cuberta e comparte cos teus compañeiros e compañeiras as impresións. Imos facer unha posta en común.

Contesta:

1. Que foi o que máis che gustou? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2. Que foi o que máis chamou a túa atención? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3. Que che impresionou, sorprendeu ...? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

4. Agardabas algo así ou foi moi diferente do que contabas ver?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

5. Cal cres que é a mensaxe da obra? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

6. Unha vez vista a obra, que opinas do final?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Agardabas algo así? Sorprendeute? \_\_\_\_\_

**7.** Escribe unha, ou varias fins alternativas para o *Zardigot*.

---

---

---

Imos ver a galería de fotos para lembrarmos os momentos que máis nos interesaron e despois facer unha posta en común.

- 1.** Escribe un comentario persoal dirixido a un actor, a unha actriz, á maquilladora, ao autor, ao director... sobre a representación. Lembra que o podes facer desde o mesmo blogue. En todos os artigos, enriba á dereita, tes a icona dun sobre de correo para mandar as túas palabras.
- 2.** Tes algunha pregunta en concreto para os integrantes de Espello Cóncavo? Non dubides en deixala no blogue, obterás resposta.
- 3.** Escribe un artigo para publicar na revista de Normalización e no blogue escolar se o houber, ou incluso neste blogue.

## ACTIVIDADE 8: **CREAMOS A NOSA PROPIA COMPAÑÍA**

**S**empre lles explicamos aos mozos e mozas nas aulas o que é o teatro, as características do xénero, levámoslos a representacións (cando hai ocasión) para que o vexan en directo. Pero sen dúbida, para que teñan unha verdadeira idea do que significa o espectáculo teatral, debemos valernos da mellor mestra: a experimentación na propia pel do que se sente ao formaren parte dunha compañía teatral.

Crear unha compañía, supón un exercicio de comunicación e de integración grupal. Permite traballar o espírito crítico do alumnado no seu coñecemento da historia, da sociedade, no seu interese pola interpretación, comunicación e expresividade...

Adoita dicirse que o texto do teatro non é para ler, senón para ver e escoitar. O lector de teatro, como o de novela, ten a facultade de crear a súa propia montaxe, de construír na imaxinación a súa escenografía como puidemos comprobar na actividade 3.

Nela, tiveron que elaborar unha proposta de escenificación partindo da audición dun fragmento do *Zardigot*. Pois ben, agora queremos ir alén: queremos que o grupo cree a súa propia compañía.

Agora tócalle ao noso alumnado darnos a súa interpretación do texto de Ruibal. Chegou a hora da verdade, da actuación (e nunca mellor dito) no sentido literal da palabra.



## FICHA 8: **CREAMOS A NOSA PROPIA COMPAÑÍA**

Seleccionade unha escena, ou varias. Ou por que non?, que tal se representamos o *Zardigot*?

Teredes que encargarnos de todo:

- elixide director ou directora
- equipo técnico
  - escenógrafo/-a
  - técnico de son e de luces
  - axudante de dirección
  - maquillador/-a
  - encargado/-a do vestiario
- toda a clase realizará un *casting* para seleccionar os posibles actores e actrices (a profesora ou o profesor formará parte do xurado). Pero lembrade que non só se precisan actores e director; necesitaredes:
- publicistas para presentar a obra ante os medios de comunicación,
- cartelistas que vos deseñen o que será a imaxe que identifique a obra,
- críticos literarios que nos dean a súa opinión sobre a obra,
- xornalistas que cubran o proceso de elaboración e que recollan os testemuños dos espectadores (os que queden sen papel nesta actividade). E por que non representala? No Día das Letras, no de fin de curso...
- primeiro ante os propios compañeiros da aula,
- logo no instituto.
- Despois....quen sabe, tal vez sexa o xermolo dunha nova compañía teatral.

Por suposto, se o gravades, comprometémonos a colgalo no blogue.

E se vedes que vos resulta imposible montar a obra completa, mandádenos unha escena, un fragmento, un diálogo.... Publicaremos os vosos traballos.

## ACTIVIDADE 9: **125 ANOS DE TEATRO GALEGO**

**O** noso alumnado xa viu a obra, xa coñece o autor, o seu contexto socio-cultural e lingüístico, saben do director, da compañía que a representa...

O paso seguinte será ofrecerlles unha visión da historia do teatro e a relevancia deste xénero na nosa literatura. Para iso traballarán cos datos que obteñan da lectura do artigo publicado no blogue, mes de novembro de 2007: "[125 anos de teatro galego](#)":

Primeiramente lerán todo o artigo sen clicar nos enlaces; logo, accederán premendo nos enlaces á información adicional; e para rematar, responderán ás preguntas relacionadas cos eventos que tiveron lugar durante este ano de aniversario do noso teatro.

Con esta actividade pretendemos que reflexionen, en primeiro lugar, sobre a relevancia da dramaturxia galega, sobre o fin lúdico do teatro, pero tamén sobre o fin utilitario que tivo desde o seu nacemento ata hoxe en día; e en segundo lugar, que aprendan a valorar o feito literario galego como unha mostra máis da nosa propia cultura.



La Imagina Machina, Os Quinquilláns e Femme Fatale

FICHA 9:  
**125 ANOS DE TEATRO GALEGO**

Sabías que no ano 2007 se celebrou o 125 aniversario do noso teatro? Le o artigo de novembro de 2007: “125 anos de teatro galego”. Fai primeiro unha lectura do texto e logo, accede á información adicional dos enlaces para responder ao seguinte cuestionario sobre os eventos levados a cabo durante este ano, aniversario do noso teatro.

1. Explica coas túas palabras o significado do título da exposición.

---

---

2. De cantos espazos consta a exposición? Enuméraos e fai unha síntese dos seus contidos.

---

---

---

3. En que espazo (ou espazos) cres que aparecería a figura de Ruibal e o *Zardigot*?

---

4. Cando, e en que localidade máis próxima a ti estivo a exposición? Fuches vela? En caso afirmativo, cóntalles aos teus compañeiros e compañeiras que che pareceu.

---

5. Cal é a particularidade esencial do teatro con respecto á poesía e á prosa?

---

6. Comenta a importancia do teatro na transición da ideoloxía. Exemplifícao con *A Fonte do Xuramento*. Cres que hai algunha intención de fondo no *Zardigot*?

---

7. Divide a clase en grupos, tantos como espazos ten a exposición, e coa axuda da profesora e da internet facede esquemas dos diferentes períodos da historia do noso teatro. Como punto de partida propoñemos a páxina da Galipedia:

## ACTIVIDADE 10: **ZARDIGOT: ALEGATO CONTRA TODAS AS GUERRAS**

**C**ando lle preguntamos ao autor en que se inspirara para escribir esta obra contestounos: *“A guerra civil española era un tema tabú (e, no fondo, aínda o segue sendo). As feridas estaban abertas. A verdade popular teimaba por revelarse, pero era afogada acotío pola retórica oficial. Coido que ese clima favoreceu o xurdimento dunha idea inicial, que foi tomando corpo, agrandándose coma unha bóla de neve. Unha pequena fábula sobre aves, que agora non recordo de onde a saquei, deume algunhas claves para o desenvolvemento argumental.”*

Con esta actividade pretendemos que o noso alumnado reflexione sobre a nefasta e persistente presenza das guerras, sobre as guerras silenciadas, as guerras convertidas nun reality show televisivo máis...

Relerán as palabras do autor que reproducen as que aparecen no programa de man [Palabras do autor](#) (no blogue). Na páxina aparecen enlaces para a Guerra Civil española, e a guerra de Vietnam, e tamén para outras máis actuais, a de Somalia, a dos Balcáns e a de Iraq.

Hai moitos máis conflitos armados sen resolver na actualidade. Achegámoslles estes enderezos para que teñan información sobre o tema e poidan formar unha opinión argumentada.

[DIAMANTES QUE ALIMENTAN GUERRAS](#) (en Amnistía Internacional) En pdf

GUERRAS E NENOS SOLDADOS

[En elpais.com](#)

[En elmundo.es](#)

[En amnesty.org](#)

PÁXINA DOS NENOS SOLDADOS

[En menoressoldado.org](#)

[En youtube.com](#)

GUERRAS EN ÁFRICA

[En adital.org](#)

[Na Wikipedia](#)

[LA VUELTA AL MUNDO EN TREINTA GUERRAS. UNICEF](#)

[ONU, PAZ E SEGURIDADE](#)

[CAMPAÑA CONTRA O MURO DE CISJORDANIA](#) (en Amnistía Internacional).

